

CURSOS TEMPADA 2022-2023

HISTORIA DO CINEMA

“FUERA DE QUICIO”. Pequeno compendio de comedias dislocadas

13 outubro 2022 – 1 xuño 2023

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: José Manuel López

Lugar: salón de actos

Datas: do 13 de outubro de 2022 ao 1 de xuño de 2023

Horario: XOVES de 19.15 a 20.45

Total sesións: 23

Coa colaboración de:

B Sabadell
Fundación

PRAZAS LIMITADAS. Inscripción e matrícula a partir do **27 de setembro**

Prezo: 190€ (desconto do 20% para membros da AAM Agrupación Amiga do MARCO e para estudantes, previa acreditación), coa posibilidade de pagamento fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.



Amanece, que no es poco (José Luis Cuerda, 1989)

“Parte das portas ou ventás en que entra o espigón do quicial, e en que se move e xira”. Esa é a definición de “quicio” que nos ofrece a venerable Real Academia Española.

Se vostede, ademais de indignarse porque considera que comezar un texto cunha definición de dicionario é unha indubidable pedantería, se está a preguntar que é un “quicial”, pois xa somos dous: vostede, a persoa lectora e máis eu, este impersoal narrador (con ínfulas de voz en *off* cinematográfica) que indisimuladamente trata de captar a súa atención.

Así que respondendo —por segunda vez— cunha definición, resulta que o quicial “é un madeiro que asegura as portas e ventás por medio de pernios e bisagras, para que xirando se abran e pechen”. Mire vostede, sen quero lovolvemos ao punto de partida no típico bucle auto-referencial do thesaurus (e se vostede se está a preguntar que é un “pernio”, pois xa sabe o que ten que facer). Pero quedemos con ese principio dinámico: o de cousas que xiran, se abren e pechan e se volven abrir, mecanismos, engraxes, máquinas ou corpos que repiten unha e outra vez os mesmos movementos...

Di un lugar común que a tolemia é facer dúas veces o mesmo esperando resultados diferentes; pero, non sería esa, precisamente, a perfecta definición da comedia? O corpo cómico é aquel que percute e repercute, que cae e recae tropezando unha e outra vez coa mesma pedra... Ata que, finalmente, se sae de couzón e arrastra con el, en desopilante turbillón entrópico, todo o que o rodea. Eses corpos cómicos serán os que perseguiremos neste curso: os eternos alporizados, os que están fóra de sitio, dislocados, pero que non deixan de moverse buscando o seu lugar no mundo. Porque, á fin e ó cabo, se calquera amañecer pode saírnos un home no bancal tamén pode, faltaría máis, sairse cando queira do quicial. Que non é pouco.

PROGRAMA / CALENDARIO

2

Fuera de quicio. Pequeno compendio de comedias dislocadas

13 outubro 2022 – 1 xuño 2023

NOTA: calendario suxeito a posibles cambios, que no seu caso se comunicarán con antelación.

Sesión 1 (xoves 13 outubro)

El maquinista de la General (*The General*, Clyde Bruckman, Buster Keaton, 1926)

Sesión 2 (xoves 27 outubro)

Una noche en la ópera (*A Night at the Opera*, Sam Wood & Los hermanos Marx, 1935)

Sesión 3 (xoves 3 novembro)

Granujas a todo ritmo (*The Blues Brothers*, John Landis, 1980)

Sesión 4 (xoves 17 novembro)

Todo en un día (*Ferris Bueller's Day Off*, John Hughes, 1986)

Sesión 5 (xoves 24 novembro)

Mi tío (*Mon Oncle*, Jacques Tati, 1958)

Sesión 6 (xoves 1 decembro)

El guateque (*The Party*, Blake Edwards, 1968)

Sesión 7 (xoves 15 decembro)

Atrapado en el tiempo (*Groundhog Day*, Harold Ramis, 1993)

Sesión 8 (xoves 12 xaneiro)

El gran Lebowski (Joel Coen, Ethan Coen, 1998)

Sesión 9 (xoves 19 xaneiro)

Zelig (Woody Allen, 1983)

Sesión 10 (xoves 26 xaneiro)

This Is Spinal Tap (Rob Reiner, 1985)

Sesión 11 (xoves 2 febreiro)

Wayne's World (Penelope Spheeris, 1992)

Sesión 12 (xoves 23 febreiro)

Atraco a las 3 (José María Forqué, 1962)

Sesión 13 (xoves 16 marzo)

Trabajo basura (*Office Space*, Mike Judge, 1999)

Sesión 14 (xoves 23 marzo)

Abril (*Aprile*, Nanni Moretti, 1998)

Sesión 15 (xoves 30 marzo)

Aterrizo como puedas (*Airplane!*, Jim Abrahams, David Zucker, Jerry Zucker, 1980)

Sesión 16 (xoves 13 abril)

Amanece, que no es poco (José Luis Cuerda, 1989)

Sesión 17 (xoves 20 abril)

Airbag (Juanma Bajo Ulloa, 1997)

Sesión 18 (xoves 27 abril)

¿Teléfono rojo? Volamos hacia Moscú (*Dr. Strangelove, or How I Learned to Stop Worrying and Love the Bomb*, Stanley Kubrick, 1964)

Sesión 19 (xoves 4 maio)

Los caballeros de la mesa cuadrada (*Monty Python and the Holy Grail*, Monty Python, 1975)

Sesión 20 (xoves 11 maio)

Zombies Party (*Shaun of the Dead*, Edgar Wright, 2004)

Sesión 21 (xoves 18 maio)

Symbol (Hitoshi Matsumoto, 2009)

Sesión 22 (xoves 25 maio)

El jovencito Frankenstein (*Young Frankenstein*, Mel Brooks, 1974)

Sesión 23 (xoves 1 xuño)

Arsénico por compasión (*Arsenic and Old Lace*, Frank Capra, 1944)

CV / NOTA BIO

José Manuel López (Vigo, 1974) é doutor en Comunicación e profesor asociado na Universidade de Vigo. Funda a revista de cinema *Tren de sombras* (2004-2008) e dende o ano 2007 ao 2017 forma parte do consello de redacción de *Caimán Cuadernos de Cine* (anteriormente conocida como *Cahiers du cinéma. España*). En 2008 coordina o libro *Naomi Kawase. El cine en el umbral* para o Festival de cine de Las Palmas e é autor de numerosos artigos, relatorios en congresos e capítulos de libros. Dende 2012 imparte cursos de cinema no MARCO Museo de Arte Contemporánea de Vigo e no CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela. Impartiu, ademais, conferencias en espazos como o Master LAV, a ESCAC, o CGAI, a SEMINCI, o Festival de Málaga ou o Centro de las Artes de Sevilla. Ten comisariado exposicións e ciclos de proxeccións para Fundación Luis Seoane; Curtocircuito. Festival Internacional de cine de Santiago de Compostela; SOLAR - Galería de Arte Cinemática, ou Festival de Cine de Vila do Conde (Portugal). En 2020 recibe o premio ao mellor Ensaio escrito sobre Audiovisual Internacional na IV Edición dos Premios María Luz Morales, outorgados pola Academia Galega do Audiovisual.
